



ORDE DO DÍA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16 DE MAIO
DE 2005

Sres./as Concelleiros/as da Xunta de Goberno Local:

Don Néstor Rego Candamil.
Don Luis Toxo Ramallo.
Dona Teresa García-Sabell Tormo.
Don Xaquín Fernández Leiceaga.
Don José Angel Baqueiro Canabal.
Don Bernardino Rama Seoane.
Dona Elvira Cienfuegos López.
Don Manuel Portas Fernández.

Ó abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convoco ós/as Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno Local que terá lugar o día **16 de maio de 2005, ás 9:00 horas**, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día unha hora máis tarde.

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación de Acta da Sesión Anterior.
- 2.- Solicitudes de licencias de obras.
- 3.- Devolución de fianzas.
- 4.- Informes en expedientes de actividades clasificadas.
- 5.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á solicitude ó Consorcio da Cidade da aprobación de diversas subvencións para rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.
- 6.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación do Casco Histórico relativa á concesión de axudas á rehabilitación de vivendas e locais do Casco Histórico.



ORDE DO DÍA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16 DE MAIO
DE 2005

- 7.- Aprobación inicial do Estudo de detalle da parcela número 2 da Ordenanza Especial número 5 (OE-5) de Galeras e Modificación puntual do Proxecto de reparcelación.
- 8.- Sometemento a audiencia do Proxecto de normalización de predios na rúa Betanzos.
- 9.- Adxudicación das obras incluídas no proxecto de urbanización do Polígono A do SUNP-6 de San Lázaro (Zona usos terciarios).
- 10.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación das obras de adecuación do entorno do campo da festa de Enfesta (POS 2005).
- 11.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación das obras de adecuación do entorno do Centro socio-cultural de San Cristóbal de Enfesta (POS 2005).
- 12.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestructuras relativa á adxudicación das obras incluídas no proxecto de nova capa de rodadura na vía pública M-60-V. A Peregrina. (POS 2005).
- 13.- Revisión de prezos do contrato de alugueiro de local sito na rúa Galeras nº 7, propiedade de D. Manuel Carabel Moreiras.
- 14.- Proposta da xuíz instructora do procedemento contradictorio iniciado para determinar as responsabilidades das presuntas irregularidades cometidas na construción do aparcamento da Praza Roxa relativa á suspensión da tramitación do mesmo.
- 15.- Aclaración do acordo da Xunta de Goberno de data 7 de marzo de 2005 polo que se rescindiu o contrato de aluguer de local para uso como centro socio-cultural da Rocha.



ORDE DO DÍA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16 DE MAIO
DE 2005

16.- Proposta da Concelleira Delegada de Medio Ambiente relativa á prórroga por 2 meses do contrato de xestión e control dos vertedoiros de Piñor e Arins.

17.- Proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais relativa á prórroga por 2 anos do contrato de prestación do servizo de Axuda no Fogar.

18.- Proposta da Concelleira Delegada de Centros Socioculturais relativa á adxudicación do subministro de mobiliario para o Centro socio-cultural de Sar.

19.- Propostas do Concelleiro Delegado de Facenda relativas a diversas solicitudes de bonificación no imposto sobre o aumento do valor dos terreos de natureza urbana, IBI, e a desestimación dun recurso de reposición contra unha liquidación do IBI.

20.- Proposta da Concelleira Delegada de Medio Ambiente, relativa á aprobación das bases para o outorgamento de subvencións para plantación forestais en montes do municipio durante 2005, e o inicio do procedemento de solicitude.

21.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación dos Econtros escolares galegos de xogos tradicionais.

22.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á concesión do uso gratuito do campo municipal de Santa Isabel para celebrar un partido de fútbol por mor da festa patronal de Santa Rita.

23.- Aprobación da liquidación por mor da inauguración da Praza Roxa.

24.- Proposta da Concelleira Delegada do Casco Histórico relativa á diversas aprobacións por mor do Programa de asistencia e xestión urbana sostible (PAGUS).



ORDE DO DÍA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16 DE MAIO
DE 2005

25.- Proposta do Concelleiro Delegado de Deportes relativa á aprobación das bases da convocatoria de subvencións destinadas ó fomento do deporte federado para 2005.

26.- Proposta do Concelleiro Delegado de Turismo relativa á aprobación do prego de cláusulas administrativas e o inicio da contratación das obras de conservación e consolidación do castelo da Rocha Forte.

27.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á contratación dunha asistencia técnica para a realización dos traballos arqueolóxicos de avaliación e control de proxectos de obra na praza de abastos, Colexiata de Sar e Calzada de Sar promovidos polo Concello.

28.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación e Casco Histórico relativa á contratación dunha asistencia técnica para a redacción do Estudio sociourbanístico do polígono de Vista Alegre, así como a súa adxudicación

29.- Proposta da Concelleira Delegada de Limpeza relativa á adxudicación da prestación do servizo de limpeza nos aseos públicos da Alameda e o Parque Xixón.

30.- Proposta do Concelleiro Delegado de Turismo relativa á contratación dun auxiliar administrativo para reemplazar a unha traballadora que desenvolvía as tarefas correspondentes ó Proxecto Atlante.

31.- Proposta do Concelleiro Delegado de Persoal en funcións relativa ó nomeamento dun funcionario para o posto de traballo de Xefe do Servizo de Programación e proxección, polo procedemento de libre designación.

32.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade para dar conta da concesión dunha subvención ó Concello pola Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e voluntariado para a realización de actividades dirixidas á xuventude.



ORDE DO DÍA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16 DE MAIO
DE 2005

33.- Dar conta de corrección de erro no punto número 27 da sesión de 28 de febreiro de 2005, relativo á realización do proxecto de cooperación global.

34.- Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago e o Instituto Galego da Vivenda e Solo para a preparación de solo residencial do SUNP-36, A Pulleira, para a contrución de vivendas de protección pública.

35.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Santiago realizar determinadas actuacións no municipio.

36.- Propostas da Alcaldía relativas á representación e defensa xudiciais

37.- Dar conta de Autos e Sentenzas xudiciais

38.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas

39.- Dar conta pola Concelleira Delegada de Educación e Mocidade da celebración do encontro final do Programa didáctico "Coñecer as cidades patrimonio". IV edición os días 20,21 e 22 de maio de 2005, e a concesión de diversas autorizacións.

40.- Correspondencia

41.- Rogos e Preguntas

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2005

O Alcalde



ORDE DO DÍA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16 DE MAIO
DE 2005

Asdo: Jose A. Sánchez Bugallo